

**¡Isto é Hollywood!**

TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

**S**EMPRE fun unha apaixonada do cine. Facíame soñar con mundos mellores, menos abafantes —pese á censura— nos tempos negros do xeneral. En plena campaña electoral recorro ó cine para facer un esbozo dos candidatos. Comeza a tempada, chegan as grandes estreas e con elas a obra de Spielberg, *Parque Jurásico*, e na TVE1 a divertidísima serie de Walt Disney *Dinosaurios*. Estásenos invitando a dar un salto no tempo de millóns de anos. Para os seus delfíns, Manuel Fraga é o Gran Timonel. Os que teñen memoria saben que ese era Mao e que Fraga —que segue a dicir que o balance do franquismo é positivo— lémbbralles a esas especies desaparecidas. A película de Spielberg non convence. Os dinosaurios nin comoven nin asustan.

De Manuel Fraga destacaríaa o seu travestismo. Sempre foi moi reticente coa identidade deste país —que el chama rexión—, co seu idioma, coa súa cultura, coa súa diferenza. Agora arrodéana de gaiteros para amosar que é moi galego; pero Galicia é algo máis ca unha gaita. Se un día berrou en Vitoria «la calle es mía» agora entoa «e a estrada tamén». Lémbreme don Manuel ó lobo do conto que tenta enganar ós cabritiños bañando en fariña unha das súas patas. As conviccións democráticas non son cuestión só de declaracións verbais senón de ética e práctica políticas.

Xosé Manuel Beiras, verdadeira besta negra para o PP, para Fraga —que se nega a debater con el— ten unha imaxe diferenciada, exuberante, por riba das modas. Eu diría —salvando as diferenzas— que é a Sharon Stone da nosa política. Unha Sharon Stone que se amosa Acosada, Sliver nas pantallas. Xosé Manuel Beiras sofre un permanente acoso do PP e de Unidade

Galega-Esquerda Unida que só —despois de tantos anos de traballo— lle recoñecen o zapatazo no Parlamento. Beiras xa ten anunciado que para a próxima lexislatura levará zocos por se é necesario dar outro golpe que esperte a servil e dormida conciencia dalgúns deputados.

Antolín Sánchez Presedo seméllame unha grande onda que cando vai chegando á beiramar só é espuma. Mágoa porque podería ser unha boa vaga. Este país necesita ondas fortes para contrarrestar ese mar de fondo que ás veces fai tanto dano arrasando o noso litoral. Antolín, un sultán para moitos, ten ós poderes fácticos da Coruña cabreados porque non lle fai caso a Paco Vázquez. Volvo ó cine e recordo axiña *Pat Garret and Billy the Kid*, a historia de Billy o neno, cunha preciosa banda sonora de Bob Dylan na que destacaba a canción «chamando á porta do ceo». Antolín chama ás portas dos galegos coa consigna «Os tempos son chegados» e curiosamente este lema extraído do Himno de Pindal segue a dicir: «dos bardos das idades que as vosas vaguedades cumprido fin terán». Así pois, Antolín debería estar preocupado porque anuncia *vaguedades*, un futuro pouco prometedor. E por riba sae nos carteis con González, para quen os tempos non principian senón que declinan.

Camilo Nogueira e Anxo Guerreiro fánme pensar en *Atracción fatal*. Coido que foi fatal esa unión para salvarse do naufraxio. Inventaron un vehículo que fai auga e que tenta dar idea de seguridade co lema «A garantía». Camilo, que tanto ten criticado ós socialistas galegos pola súa dependencia de Madrid, depende agora do aparato de IU. Camilo convertiu Unidade Galega en Unidade Madrid. *Atracción fatal* remata cun asasinato.